

# RECOMENDACIONES LECTORAS DE 5º EP

23 de abril de 2021  
Día do Libro

CEIP Abelendo

# GERONIMO STILTON



**Título:** Geronimo Stilton

**Autor:** Elisabetta Dami

**Ilustradores:** Chiara Balleello, Francesco Castelli

**Año:** 2000

**Idade recomendada:** 7 a 12

Geronimo é un rato xornalista vello que vive con Tea e vai de aventuras cos seus amigos. É una colección de 50 libros de aventuras.

Vaiche gustar polas aventuras, os debuxos e os personaxes.

# HARRY POTTER



**Autor/a:** J. K. Rowling

**Ilustrador/a:** Dolores Averdaño

**Ano:** 1.997

**Idade recomendada:** de 9 anos en adelante

É a historia dun neno que descubre que de verdade era mago, feiticeiro. Ten moitos amigos e inimigos e viven moitas aventuras. Algúns profesores son malos e outros son bos. Hai moitos libros, entón nunca acaba a aventura.

Vaiche gustar porque pasan moitas cousas inesperadas.

# Inazuma eleven



**Autor:** Tenya Yavuno

**Ilustrador:** Tenya Yavuno

Esta historia trata do fútbol e, aínda que non me gusta o fútbol, ten algo de batallas e moita intriga e sempre acaba no momento máis emotivo. Realmente está moi ben, así que si che gusta o fútbol recoméndocho.

# 13 Rue del Percebe



**Autor:** Francisco Ibáñez

**Ilustrador:** Francisco Ibáñez


**Año:** 1961 (6 de marzo: primeira publicación)

**Idade recomendada:** para todas idades

É un cómic no que hai un edificio e xente tola como por exemplo: a porteira, os gatos, etc.

Recomendo este libro porque vai gustar e porque fai moita gracia este edificio de tolos.

# Dinosaurios



**Autor/a:** VV.AA.

**Ano:** 2019

**Idade recomendada:** de 7 a 12 anos

É un libro onde saen moitos dinosaurios de todos os tamaños, períodos, clases, familias e tipos, e hai moita información sobre eles.

Vailles gustar sobre todo aos fanáticos dos dinosaurios e a os que non saben moito, pois é unha boa forma de aprender e ademais toda a información está actualizada.

# O club dos raros



**Autor/a:** Jordi Sierra i Fabra

**Ilustrador/a:** Tomás Hijo

**Ano:** 2015

**Idade recomendada:** Máis de 8 años.

É un libro especial porque ensina que ser diferente non ten nada de malo. O protagonista do libro é Hugo, un neno tatexo que cando era pequeno o pobre o pasaba mal ata que consegue amigos e monta un club para a xente rara.

Vaivos gustar porque transmite unha mensaxe bonita de que todos somos iguais.

# Tea Stilton: El club de las poetisas



**Autor/a:** Elisabetta Dami

**Ilustrador/a:** Chiara Ballelo e Francesco Castelli

**Ano:** 2015

**Idade recomendada:** entre 9 e 12 anos

Un grupo de ratiñas montan un club de poesía na sala dos lagartos ata que Vanilla o arruína. Despois diso vanse a outro sitio no que se encontrarán un diario que as conduce ata unha cápsula do tempo (unha caixa con cousas antigas).

Vaivos gustar porque é moi sinxelo de ler, ten moitas cores e debuxos moi bonitos.



# Tea Stilton : Acampada en Madagascar



**Autor/a:** Elisabetta Dami

**Ilustrador/a:** Chiara Ballelo e Flavio Castelli

**Ano:** 2016

**Idade recomendada:** 8 a 12 anos

Son 5 rapazas chamadas Colette, Violet, Paulina, Nicky e Pamela que van de acampada a Madagascar con outros 2 amigos, Michael e Emma. Teñen que facer actividades contra outros equipos. Como en todos os contos hai uns malos, neste caso Lisa e Ed, os que sabotean todos os equipos.

Vaivos gustar porque te divirtes moito e as ilustracións son moi bonitas. Na primeira páxina cóntache como son as protagonistas. Aparte é superinteresante e os capítulos son curtiños. No final ten un diario con receitas de cociña e actividades.

# SPLATOON



**Título:** Splatoon

**Actor:** Googles

**Ilustrador/a:** Sanikichi  
Hinodeya

**Ano:** 2015

**Idade  
recomendada:** Todos os  
públicos

Son equipos de catro persoas, teñen armas de tinta e viven nunha cidade chamada Cromopolis.

Teñen combates de tinta para divertirse, é como o *paintball*.

Vaivos gustar porque é moi divertido e gracioso.